

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol*, o día 2 de marzo de 2008.-

Wilfred Owen, poeta de guerra.

Se todas as contendas bélicas adoitan ser verdadeiras carnicerías, a Primeira Guerra Mundial (1914-1918) foi unha das máis cruentas, xa que nas súas batallas se utilizou, por vez primeira e a gran escala, un tipo de armamento que nunca até entón se utilizara: as armas químicas, que fixeron aparición primeiro en forma de gases lacrimóxenos e despois como sinistros velenos letais ou altamente incapacitantes.

O primeiro exército que usou este tipo de armamento foi o francés, mais axiña o seu uso tamén se ampliou ás tropas alemás, que nun só día chegaron a disparar dezaioito mil obuses de artillería cheos de bromuro de xililo líquido na Batalla de Bolimov (Polonia), mais o produto conxelouse e non tivo efecto ningún. Na procura dunha arma que non puidese fallar un grupo de científicos de Berlín desenvolveu un sistema para descargar cloro gasoso encol das trincheiras inimigas. Da Batalla de Ypres (Bélxica) consérvase unha arrepiante crónica na *British Official History*: “*morreron noventa homes por envelenamento por gas nas trincheiras; dos douscentos sete trasladados a salas de vendaxe, corenta e seis morreron de contado e outros doce logo dun longo sufrimento*”.

Mais o propio exército británico organizou máis ataques con gases que ningún dos outros participantes na contenda. Na Batalla de Loos (Francia) descargou cento cincuenta toneladas de cloro sobre o inimigo, co contratempo de que o vento levou unha boa parte do gas contra as súas propias trincheiras.

A arma química máis efectiva foi, sen lugar a dúbidas, o gas mostaza, que contaminaba a terra onde e libraban os combates. Disparábase, pousaba no chan e logo comezaba a evaporarse lentamente. Era unha arma tan efectiva que o seu uso se

multiplicou nas fases finais da guerra, así que non resulta difícil imaxinar o campo de batalla coma o máis infernal dos pesadelos.

Iso foi exactamente o que debeu de sentir Wilfred Owen, un mozo inglés alegre e optimista que no ano 1915, logo de varios meses de adestramento, marchou como tenente do Rexemento Manchester para combater na Fronte Francesa e regresou ao seu país apenas uns meses despois da súa marcha para pasar unha longa tempada no Sanatorio de Craiglockhart co gallo de se curar dun trastorno por estrés postraumático logo das horrendas experiencias vividas nunhas trincheiras que habían de cambiar a súa vida para sempre, vivencias que quedaron plasmadas para a posteridade nunha abraiante aínda que sucinta colección de poemas que reflicten, sen ningunha caste de censura, as pegadas que nel imprimiron as terríbeis experiencias vividas no campo de batalla, onde chegou a quedar atrapado nas trincheiras durante tres días de extrema soidade.

Wilfred Owen só publicou cinco poemas en vida na revista *The Hydra* por consello do poeta Siegfried Sassoon, amigo seu, tamén soldado británico na 1ª Guerra Mundial e editor de toda a obra de Owen logo da súa morte

A poesía de Owen, dunha extraordinaria calidade formal, reflicte dun xeito absolutamente conmovedor a súa dor e a súa ira en medio do desolado ambiente das trincheiras, nunha paisaxe chea de cráteres de bombas, arames de espiños, edificios en ruínas, lama, po, sucidade e cadáveres e máis cadáveres de soldados amigos e inimigos.

Entre os seus poemas máis senlleiros está o espléndido “*Himno para unha mocidade condenada*”, que comeza cun verso que pregunta “*Que campás tocan para aqueles que morren coma o gando?*”, probabelmente inspirado nos rapaces feridos que entraban polas portas de emerxencias do sanatorio onde estaba ingresado e que traían o horror reflectido na faciana e o corpo mutilado ou queimado polos efectos do gas. No

Himno a guerra non é heroica nin gloriosa senón que se presenta coma un longo funeral onde os rituais habituais do loito están substituídos polos ruídos do campo de batalla. As campás que tocan polos mortos son as bombas a caer!

Tamén merece especial mención o titulado “*Dulce et Decorum Est*”, que ilustra unha arrepiante escena bélica na que o poeta describe como un grupo de soldados avanza cara ao inimigo “*Dobrados coma mendigos cargados con sacos*”. Son homes que camiñan durmidos, que coxean “*calzados con sangue*”, “*ebrios de cansazo, xordos (...)* aos trebóns das granadas”, unha imaxe que leva ao poeta a describir a frase de Horacio, *É doce e decoroso morrer pola patria*, coma unha “*vella mentira*”.

En “*Estraña Reunión*” conta Owen o encontro de dous soldados mortos en fronte opostas. Un deles dille ao outro unha frase realmente cargada de sentimentos: “*Eu son o inimigo que mataches, meu amigo. / Coñecinte na escuridade*”. Xa non queda nada de que laiarse, senón dos anos perdidos, da desesperanza, “*salvaxe fun cazar a beleza máis salvaxe*”.

Wilfred Owen morreu o día catro de novembro de 1918 na Fronte Francesa, cando o seu batallón cruzaba a Canle de Sambre-Oise, unha semana antes de que se declarase o remate da contenda. Apenas tiña vinte e cinco. Súa nai recibiu o telegrama que lle comunicaba o seu pasamento o mesmo día da sinatura do armisticio.

© Xesús Constela Doce, 2008